



Concello de
Redondela



Redondela é Deporte
CONCELLERÍA DE DEPORTES
Concello de Redondela

REGULAMENTO I CONTRARRELOJ POR EQUIPOS CONCELLO DE REDONDELA – X ANIVERSARIO CAR

O **SÁBADO 17 de SETEMBRO de 2022**, terá lugar en Redondela a I edición da CONTRARRELOJ POR EQUIPOS CONCELLO DE REDONDELA – X ANIVERSARIO CAR, organizada polo CONCELLO DE REDONDELA, e contando co patrocinio de RODAVIGO e coa colaboración da ASOCIACIÓN DEPORTIVA C.A.R.

1- PARTICIPANTES:

Poderán participar na contrarreloj todas aquelas persoas nadas dende o ano 2008 (incluído) que o desexen, sempre que estean inscritas nos prazos e formas establecidos ao efecto pola Organización. Os equipos estarán formados entre **4 e 6 compoñentes** (no caso dos equipos mixtos un mínimo de 2 compoñentes terán que pertencer ao xénero feminino), tendo que chegar a meta xuntos, como mínimo, 4 dos compoñentes (no caso dos equipos mixtos os dous compoñentes femininos terán que formar parte deses 4 chegados a meta)

2- CATEGORÍAS DE COMPETICIÓN:

As categorías de competición, tanto para xénero masculino como feminino, serán as seguintes, podendo participar tódalas persoas nadas con anterioridade ao ano 2008, este último incluído.

Equipos masculinos	Nados no ano 2008 e anteriores.
Equipos femininos	Nadas no ano 2008 e anteriores.
Equipos mixtos	Nados e nadas no ano 2008 e anteriores.

3- HORARIO DA PROBA, DISTANCIA E PERCORRIDO:

A proba comezará ás **20h do sábado 17 de setembro**, e discurrirá por un percorrido urbano, completamente cerrado ao tráfico, que ten unha distancia aproximada de 5 km. Haberá que dar dúas voltas: unha pequena (1600m) e unha grande (3400m), pasando por liña de meta entre unha e outra. O perfil do mesmo é completamente plano e 100% asfalto (nos días previos á carreira colgaremos na páxina web da Asociación deportiva C.A.R imaxes do percorrido, así como o perfil do mesmo). Os equipos saíran cada minuto, tendo que presentarse na zona de saída con 5 minutos de antelación ao momento da súa saída. A organización publicará a orde de saída con antelación á celebración da proba.

4- INFORMACIÓN E INSCRICIÓN:

As inscricións realizaranse online na plataforma de **CRONOTEC**.

As inscricións pecharán o mércores, día 14 de setembro. Non poderá inscribirse ningún equipo fóra desta data.

A cota de inscrición é de 5€ por atleta.

Haberá un teléfono de contacto, 667833100 (Manuel) para resolver calquera dúbida que lle poida xurdir ás persoas interesadas en participar.

5- RECOLLIDA DE DORSAIS:

Os dorsais de competición poderán recollese nos soportais do Concello de Redondela ata TRINTA MINUTOS ANTES DO INICIO DA CARREIRA.

6- SAÍDA E CHEGADA DAS PROBAS:

A saída das probas estará ubicada na ALAMEDA DO CONCELLO. A meta estará ubicada na rúa Alfonso XII, concretamente fronte á **Casa do Concello**.

O primeiro equipo en saír farao ás 20h. A partir de aí, a cada minuto, poranse en carreira os distintos equipos. Con antelación, a organización publicará a orde de saída dos distintos equipos.

7- PREMIOS E AGASALLOS:

Haberá unha cesta con produtos gourmet (valoradas en 150, 100 e 50€, respectivamente) para os tres primeiros equipos en cada unha das tres categorías establecidas pola organización.

Ademais, a organización está traballando para acadar diferentes agasallos para os participantes nas probas.

8- AVITUALLAMENTO / OUTROS:

Todos/as os/as inscritos gozarán dun avituallamento líquido e sólido ao finalizar o evento. Haberá a disposición dos atletas colectores de lixo polo que agradecemos que ao rematar depositen o lixo neles.

Este ano haberá servizo de duchas nun dos polideportivos municipais (o mesmo está situado a uns 400m da liña de saída e meta).

9- SERVIZOS MÉDICOS:

A organización disporá dos servizos médicos obrigatorios, seguro de accidentes deportivos e responsabilidade civil.

